

UNIDADE DIDÁCTICA 5

OS RECURSOS NA EDUCACIÓN INFANTIL

DIDÁCTICA DA EDUCACIÓN INFANTIL

ÍNDICE

1. OS ESPAZOS INTERIORES	4
1. Espazos comúns	4
2. Vestíbulo.....	4
3. Corredores.....	4
4. Zona de administración e dirección	5
5. Sala do profesorado	5
6. Cociña e biberonería	5
7. As aulas.....	6
Aulas de 0-1	6
Aulas de 1-2	6
Aulas de 2-3	6
2. OS ESPAZOS EXTERIORES	7
2.1. Características dos espazos exteriores	7
2.2. Deseño xeral do patio.....	8
Zonas do patio exterior	8
3. Recursos na educación infantil	10
3.1. Criterios a seguir para a elección dos recursos.....	10
As características do propio material.....	11
Posibilidades educativas do material.....	12
Adecuación á idade	13
3.2. Que recursos se empregan en educación infantil?	15
3.3. O patio tamén é a escola.....	16
Elementos fixos	16
Elementos semimóviles.....	16
Elementos móbiles	16
O chan	16
3.4. Como organizar os recursos?.....	17
As crianzas poden ver os recursos.....	17
Facer visibles os materiais	17
Concentrar os materiais.....	18
Diferenciar os materiais semellantes	18
Os contedores	18

As crianzas poden coller os materiais?	18
4. ORGANIZACIÓN DO TEMPO NA ESCOLA INFANTIL.....	20
4.1. O tempo das persoas que traballan na escola infantil.....	20
4.2. ¿Que criterios se seguen para organizar o tempo?.....	20
4.3. ¿Como organizar o calendario?.....	22
O calendario do centro:	22
O calendario do alumnado:.....	23
O calendario do profesorado:	23

1. OS ESPAZOS INTERIORES

Os requisitos espaciais que deben reunir as escolas infantís 0-3 de Galiza están establecidos no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

1. ESPAZOS COMÚNS

Facendo un repaso dos diferentes espazos dunha escola infantil que son de uso común para toda a escola pódese falar de vestíbulo, corredores, zona de administración e dirección, cociñas ou salas para o profesorado, é evidente que dependendo do tipo de deseño pode haber outros espazos e incluso algúns dos que se citan de xeito independente poden ser un único espazo.

2. VESTÍBULO

O centro deberá contar cunha recepción para o control na entrada e saída dos nenos e nenas.

Este espazo varía moito en función do deseño da escola, pero en todos os casos debe coidarse por ser a primeira imaxe que reciben as familias e as crianzas cando chegan á escola.

Pode ser amplo e aproveitar o seu tamaño para empregarse tamén como sala de usos múltiples incorporando elementos móbiles, teatro de monicreques, baúl de roupa para disfraces, casa de monecas, currunchos de construcións, pequeno esvaradoiro, aparatos para exercicios motores, etc..

Pode ser un espazo apropiado para deixar os cocheciños dos bebés.

Pode ter unha función informativa e de relación coas familias, incorporando murais de información xeral, exposición de traballos, presentación de actividades, etc.

Mesmo nalgún caso, debido ao deseño da escola, pódese empregar como comedor.

3. CORREDORES

Os materiais utilizados serán adecuados á idade dos nenos e nenas. Evitaranse superficies rugosas e arestas nas paredes e, en caso de existiren, contarán coa protección adecuada. Os pavimentos serán de superficie cálida, lisa e antiesvarante, impermeable e continua, de xeito que permitan futuras redistribucións do espazo. As pinturas serán impermeables e non tóxicas.

A altura libre dos espazos interiores e de circulación será, como mínimo, de 2,5 metros.

Deberían ter unha anchura mínima de 2 m, sendo conveniente que as paredes estean protexidas por zócalos de até 1,20 m de altura. Ese espazo debe estar libre de elementos perigosos, ser doada a súa limpeza e permitir a actividade das crianzas con espazos para poder pintar, por exemplo.

Estes espazos, que moitas das veces están desaproveitados, poden ser lugares apropiados para crear obradoiros específicos, ou lugares para mostrar actividades realizadas polos nenos e nenas.

4. ZONA DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN

A escola deberá contar cun despacho de administración e/ou secretaría.

Aínda que a actividade principal nunha escola infantil está relacionada coa intervención coas crianzas, haberá que pensar en establecer un espazo apropiado para a atención ás familias e aos trámites administrativos que teña que realizar a escola.

Neste espazo poderase gardar todo tipo de informacións, recibir ás familias, levar a cabo a administración e xestión do centro, etc. O mobiliario estará composto por mesa, cadeiras, ficheiros, taboleiro de información, etc.

5. SALA DO PROFESORADO

O mesmo que os espazos anteriores só é obrigatoria no caso de que o centro teña os dous ciclos de Educación Infantil. Sen embargo, podemos dicir que é unha sala imprescindible se se pretende o traballo en equipo, nela realizaranse as reunións do equipo educativo, prepararanse as programacións, poderanse gardar as fichas de observación dos nenos e nenas, e todo o material bibliográfico e manipulativo necesario para a preparación do traballo de clase. O mobiliario propio desta sala son sofás ou cadeiras de brazos para o descanso, biblioteca, mesa e cadeiras de traballo, taboleiro de información, elementos decorativos, mobles para material, recursos informáticos e reprográficos.

6. COCIÑA E BIBERONERÍA

Os centros poderán prestar un servizo de comedor que incluírá en todo caso o xantar e, opcionalmente, almuerzo e merenda e/ou cea, podendo ser ofertado nalgunha das seguintes modalidades:

- Como servizo de comedor propiamente dito, prestado por persoal do propio centro ou ben alleo a el contratado con tal fin (servizo de catering), incluídos os alimentos.
- Como servizo de cociña, entendendo por tal a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais precisos para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen as familias, que será obrigatorio no caso de ter menores de 1 ano.

Será obrigatoria a existencia dunha sala específica para a preparación de alimentos sempre que haxa nenos menores dun ano, que deberá contar co equipo necesario para a preparación e conservación dos alimentos, para a limpeza, esterilización e preparación dos biberóns e ademais poder ofrecer unha cociña dietética para as crianzas que necesiten seguir un réxime alimenticio.

7. AS AULAS

En función da idade dos nenos e nenas que acollan, cada aula debe cumprir unha serie de requisitos:

Aulas de 0-1

Teñen que ter un mínimo de 30 m² e ademais deberán dispoñer de áreas diferenciadas para o descanso e a hixiene. No caso de tratarse de escolas con deseños en dous niveis, estas aulas deberán estar na planta baixa.

Na zona de hixiene os sanitarios estarán dotados de auga fría e quente, con billas hidromesturadas e o seu tamaño será proporcionado ás idades dos nenos e nenas.

Teñen que dispor dun espazo axeitado para a preparación de alimentos e con capacidade para os equipamentos que determine a normativa vixente (microondas, quentador de biberóns, refrixerador para o leite e andeis para almacenar o leite en po e outros alimentos.

Aulas de 1-2

Teñen que ter un mínimo de 30 m² e ademais deberán dispoñer de áreas diferenciadas para o descanso e a hixiene. No caso de tratarse de escolas con deseños en dous niveis, estas aulas deberán estar na planta baixa.

Os sanitarios estarán dotados de auga fría e quente, con billas hidromesturadas e o seu tamaño será proporcionado ás idades dos nenos e nenas.

Aulas de 2-3

Teñen que ter un mínimo de 2 m² por neno ou nena e un mínimo de 30 m² polo que o coherente é que teñan cando menos 40m².

Contar cun aseo con 2 lavabos e 2 inodoros que deberá ser visible e accesible desde o espazo principal. Os lavabos estarán dotados de auga fría e quente, con billas hidromesturadas e o seu tamaño será proporcionado ás idades dos nenos e nenas.

2. OS ESPAZOS EXTERIORES

As escolas infantís deberán dispoñer dun patio exterior de xogos de uso exclusivo do centro, cunha superficie mínima de 50 m². Esta superficie incrementarase en 25 m² por cada 3 novas unidades ou fracción.

Deberán estar tratados cos materiais adecuados segundo os usos, dispoñendo das instalacións necesarias tales como drenaxe, iluminación, toma de auga, sinalizacións, etc.

Actualmente existe unha forte dicotomía entre o espazo interior e o espazo exterior, existindo unha clara división entre a actividade pedagóxica como exclusiva dos espazos internos e case unicamente do espazo aula, e a actividade de espallamento e lecer para os espazos exteriores. Nunha actitude de considerar a aula como lugar privilexiado de todas aquelas actividades educativas ou de traballo.

2.1. CARACTERÍSTICAS DOS ESPAZOS EXTERIORES

No momento de acondicionar un patio de xogo haberá que considerar, en función das calidades do espazo, tres tipos de espazos:

- Espazos para descubrir: Espazos onde se pode practicar, explorar e experimentar o máis libremente posible o mundo físico. Sendo estes espazos ricos, variados, apetecibles e diversos, ofrecendo ás crianzas o maior número de informacións posibles.
- Espazos para apropiarse: Nos que os nenos e nenas poidan identificarse, establecendo con eles relacións de tipo afectivo, de posesión e de prolongación de si mesmo. Debendo dispoñer de currunchos para unha soa persoa ou para compartir co grupo.
- Espazos para modificar e transformar: Lugares nos que sexa posible cambiar e transformar as estruturas, crear modelos novos, montar e desmontar. As crianzas deben poder modificar o seu entorno, cambiar o marco da súa actividade e así imprimir a súa pegada.

O patio de xogo ten que cumprir, ademais das anteriores, cando menos, as seguintes funcións:

- espazo exterior pon en situación de adaptarse a novas experiencias que esixen novas respostas, sendo un soporte material que suscita e provoca a actividade lúdica.
- patio debe dar a oportunidade de entrar en contacto con materiais e obxectos cos que nas cidades actuais hai poucas posibilidades de relacionarse: terra, area, plantas, animais, pedras, etc.
- espazo debe ser amplo dando a oportunidade da conquista progresiva de habilidades motoras e para desprazarse libremente, por suposto, ofrecendo seguridade.
- patio de xogo non é un lugar onde o adulto é un vixiante dos nenos, senón un participante potencial nos xogos que non trata de desvialos nin transformalos.

- patio ten que ter un carácter funcional, cun aspecto estético, que permita o xogo simbólico do neno e que inclúa entre o seu material tanto produtos novidosos e actuais, como elementos reciclados, procurando que entre todos estes aspectos exista un equilibrio e que non predomine excesivamente ningún deles.

2.2. DESEÑO XERAL DO PATIO

O patio exterior será unha unidade no seu conxunto, aínda que as diferentes zonas deben diferenciarse unhas das outras. O patio ten que ter unhas liñas de forza ou trazados básicos, que o definan no seu conxunto (a forma peculiar do patio, uns elementos característicos como unha ringleira de árbores, etc.), e partindo destas liñas organizaranse as diferentes áreas e as circulacións.

Na distribución das áreas procurarase un contraste dunha zona coa outra, dándolle unha estrutura o máis dinámica posible, e tendo en conta que os patios para os nenos de educación infantil teñen que ter un predominio de pequenos espazos para apropiarse onde poidan estar dous ou tres nenos.

A nivel estrutural o modelo óptimo sería aquel no cas aulas comunican directamente co patio e que ofrecen ó neno a posibilidade de pasar dun escenario ao outro e unir os dous contornos.

Cando o que pretendemos é acondicionar un patio de xogo preexistente teremos que ter en conta dous tipos distintos de factores:

- A realidade física: constituída pola forma, as dimensións e a superficie do patio de xogo, así como a drenaxe da auga de chuva, zonas de sol e sombra, ventos dominantes, accesos, etc.
- A realidade vivida: entendendo que o concepto de acondicionar e máis amplo co de equipar, deberemos contemplar os diferentes aspectos do seu funcionamento, zonas de maior e menor utilización, zonas de actividades particulares, zonas de profesores, dos máis pequenos, etc.

Zonas do patio exterior

No espazo exterior poderemos establecer as seguintes áreas ou zonas que con carácter xeral poden ter as características que a continuación sinalamos:

- Zona de transición: É a zona que une o espazo exterior co interior, tratando de prolongar cada un deles cara ó outro. Soen ser espazos protexidos do sol e da choiva, con cristaleiras, un chan resistente e inclúen elementos vexetais de transición dun espazo a outro. A súa función principal é dar continuidade aos dous espazos, aínda que pode incluír algún elemento de animación.
- Área de gran recreo: É a zona propia dos grandes xogos, e é a máis ampla no que a superficie se refire. Require un espazo chan, baleiro, propio para xogos activos, particularmente colectivos, nos que abundan as carreiras, as persecucións, etc. O chan pode estar animado con manchas de cor, debuxos, gráficos; soe ser de material liso e resistente tipo asfalto ou formigón.
- Polo de animación principal: É o lugar onde se localizan a actividade física intensa, as fazañas e as proezas. Nela prodúcense os acontecementos importantes. Nesta

zona situarase a práctica do risco calculado, empregando estruturas diversas de certa complexidade de ferro, madeira, cemento ou plástico. Ademais dos elementos presentados por distintas casas comerciais, existe a posibilidade de realizalos con elementos máis simples como pneumáticos ou facendo obras algo máis complexas que imiten castelos, atalaias, etc.

- Currunchos de actividades diversas: Son lugares máis ou menos sobresaíntes, en xeral de pequenas dimensións, organizados en currunchos e que presentan, cada un deles, unha característica particular. Así temos:
 - Zona de granxa: que terá algúns animais para observar e aprender a coidalos.
 - Curruncho de horta: unha pequena horta para cultivar cos nenos e nenas maiores.
 - Zona de auga e área: que terá ademais dun areeiro e do circuío de auga os elementos de xogo como: caldeiros, pas, e outros. A pesar da importancia que ten o elemento auga na educación e no xogo, pode crear algún tipo de problemas, polo que a súa utilización ten que ser asumida pola comunidade educativa, que valorando a súa importancia se responsabilicen tamén dos pequenos inconvenientes que pode comportar.
 - Curruncho de xogo simbólico: Que podería incluír: cabanas, casas, currunchos para agacharse, animais de madeira para subirse a eles, trens, etc.
- Zona verde: Que ademais de estar presente en todo o conxunto, pode ter aínda un lugar específico onde unha pequena chousa, céspede ou matogueira lle dean un carácter especial ó espazo exterior. Respectarase na medida do posible as especies xa existentes, recorrendo a especialistas á hora de ampliar a zona verde, que terá que ser variada e axeitada ás condicións climáticas (rexeitando en todo caso as plantas espiñosas).

3. RECURSOS NA EDUCACIÓN INFANTIL

3.1. CRITERIOS A SEGUIR PARA A ELECCIÓN DOS RECURSOS

Con carácter xeral entendemos por medio ou recurso didáctico todo aquilo que nos permite ou nos axuda a conseguir os obxectivos didácticos que temos previstos. Neste sentido podemos falar tanto das persoas que participan no proceso didáctico que constituirían os recursos humanos coma dos elementos materiais que empregamos. A análise que se realizará aquí, refírese só aos recursos materiais

Mesmo centrándonos só nos recursos materiais, estamos a falar dun concepto sumamente amplo e que inclúe dende o material de refugallo aos máis sofisticados ordenadores. Por este motivo resulta complicado falar dos recursos materiais como un todo.

Ademais, cumpre salientar, que a incidencia que poden ter os materiais nos resultados do proceso educativo depende fundamentalmente do uso que fagan deles os nenos e as nenas e do xeito de empregalo o profesorado, e en menor medida das características propias do material.

Cando se quere seleccionar material para unha escola infantil debemos considerar diferentes criterios. Criterios que fundamentalmente fan referencia ás características do propio material, á súa función pedagóxica e á súa adecuación á idade dos nenos e nenas que o van empregar.

Pero para seleccionar eses materiais tamén se terán que analizar outros aspectos máis prácticos, como é o seu custo económico, por exemplo. Dende hai tempo a venda de materiais para as escolas infantís é unha actividade económica que ten unha ampla oferta, pero esta oferta que presenta un abano de materiais de calidade, tamén supón ás veces un elevado custo. Por este motivo, cando se seleccionan materiais deberase ter en conta se se poden conseguir os obxectivos educativos que se perseguen empregando outros recursos máis económicos.

Tamén é preciso ter en conta que os recursos, nomeadamente os que se ofertan en importantes campañas de publicidade non son alleos aos valores do contorno social e cultural que os promove, polo que será preciso revisar a ideoloxía que promoven, descartando aqueles que transmiten valores próximos á violencia e aqueles que fomentan o emprego de determinados materiais de corte sexista.

A continuación analizaremos unha serie de criterios a ter en conta para seleccionar recursos atendendo aos seguintes criterios:

- As características do propio material.

- As posibilidades educativas que ofrecen.
- A adecuación á idade dos nenos e nenas.

As características do propio material

Dende esta perspectiva poderemos analizar:

Consistencia do material

En primeiro lugar atendendo á consistencia do material, poderemos falar de materiais situados no continuo fluído - sólido.

Comezando polos fluídos atopamos materiais como por exemplo: a auga, a area, a pintura de dedos, etc. Teriamos despois outros como a arxila, a plastilina, o barro, etc. E finalmente os materiais sólidos.

O emprego de materiais máis fluídos require maiores esixencias tanto cognitivas como emocionais, posto que precisan máis control para manipular o material, e a algunhas crianzas pódelles provocar ansiedade a súa manipulación. Polo que deberemos ser coidadosos co emprego dos materiais fluídos e estar atentos ás reaccións que poden producir nalgunhas crianzas o seu uso.

Calidade

Outro aspecto a ter en conta é a calidade intrínseca dos recursos (aspecto xa destacado, entre outras persoas, por Montessori). Atendendo á propia materia prima, á solidez, ao acabado así como á estética, ao deseño e á beleza.

O cal non evita a posibilidade da utilización de materiais de refugallo en determinadas actividades, nin tampouco implica que se teñan que utilizar os materiais máis caros, simplemente trátase de presentar unha reflexións sobre o material que se selecciona para a escola, atendendo á súa calidade sen escoller o primeiro que se atopa.

A funcionalidade

A funcionalidade do material, é dicir o tipo de actividade (de función) que ofrece o material. Teremos materiais que permiten facer ruído, materiais que se poden arrastrar, que poden rodar, que se poden apertar, etc., independentemente da utilización que se lles dea ou se lles queira dar nunha actividade curricular.

Con carácter xeral podemos sinalar que serán máis aconsellables os materiais que permiten realizar un maior número de actividades, aínda que é evidente que en determinados momentos pódese requirir a utilización dun material específico.

Nivel vicario

O nivel vicario do material é o seu grao de distanciamento coa realidade. Algúns autores como Dale, Moles, etc. estableceron diferentes niveis de aproximación á realidade ou simbolismo dos materiais, tendo en conta se os recursos que se

empregaban na escola eran o obxecto en si mesmo ou presentaban diferentes graos de abstracción. Así por exemplo para falar das flores, poderemos ter as flores na clase, ou poderemos traballar cunha fotografía, unha película, un debuxo ou mesmo a representación verbal ou escrita.

Posibilidades educativas do material

A incorporación de materiais, sobre todo os sofisticados medios audiovisuais, levou a pensar nunha verdadeira revolución pedagóxica, sen embargo unha análise máis paseniño, fainos atopar a verdadeira dimensión dos mesmos, que é a de ser un elemento máis do curriculum. É dicir, o feito de utilizar un vídeo ou os bloques lóxicos, por poñer un exemplo, ten un valor pedagóxico que está máis en función do contexto no que se utiliza que do propio material en si mesmo. Compre polo tanto facer unha selección atinada dos recursos en función dos anteriores elementos curriculares (obxectivos, contidos, metodoloxía, actividades). Así podemos dicir que o valor dun material ven definido polas potencialidades do mesmo e mailas funcións que se lle dea dentro da estratexia didáctica.

De maneira resumida podemos sinalar as seguintes funcións que pode cumprir o material:

Motivar a actividade.

É a función máis evidente, é en moitos dos casos a única que se destaca no traballo escolar. Utilizar un vídeo de animais como limiar ao traballo sobre este tema, empregar as regretas para traballar o número, usar o xogo de ensartar doas para traballar a escrita, etc..

Os materiais téñenlle que interesar ás crianzas, do contrario non os manipularán e non lles servirán para madurar e desenvolver as súas potencialidades.

Transmitir contidos.

É a súa función esencial, servir de apoio á transmisión de contidos, ser un sustento eficaz na elaboración de conceptos, un apoio nas explicacións e tantas funcións como sexan capaces de outorgarlles o profesorado e mailo alumnado. Empregar fotografías para mostrar lugares afastados, poñer un vídeo no que se mostra o funcionamento dunha máquina, usar unha pista de xoguete para coñecer pautas de educación viaria, etc..

Orientar a metodoloxía de traballo.

Os recursos ademais de portar contido, en función da súa estrutura específica, implican un xeito de utilización tamén específico. Así, por exemplo, non é o mesmo traballar as cores coas táboas graduadas de Montessori ou facelo cos materiais que hai espallados pola aula, un obriga a traballar individualmente e cunhas ordes moi precisas, e o outro pide facelo con xogos como o vexo, vexo, por exemplo.

Deste xeito, aínda que o tipo de traballo que se fai na aula depende máis do uso que lle dan aos materiais tanto o profesorado como o alumnado que do material concreto que se está a empregar, podemos identificar materiais que están deseñados e que favorecen determinado tipo de actividades, como por exemplo:

- Material para o traballo sensorial.
- Material para o traballo motriz.
- Material para a expresión oral, preescritura e prelectura.
- Material para expresión plástica.
- Material para expresión musical.
- Material para o traballo lóxico numérico.

Darlle un valor engadido ao traballo.

Os recursos na educación infantil, ademais de ser elementos que axuden a alcanzar os obxectivos que se teñen previsto, deben ofrecer por si mesmos a posibilidade de:

1. Animar a facer algo con el, a manipulalo, a imaxinar novos usos...
2. Mellorar os coñecementos sobre as formas, as cores, os sons, as ideas, etc.
3. Estimular a crear libremente situacións e ambientes.
4. Invitar á relación, imitación e convivencia mediante a expresión dos seus sentimentos e afectos.

Adecuación á idade

Tanto as casas comerciais, como algúns colectivos, presentan diferentes clasificacións dos materiais didácticos segundo a idade dos nenos e nenas aos que van dirixidos, fundamentadas nas análises feitas por María Montessori, Ovide Decroly, Henri Wallon ou Jean Piaget por exemplo.

A Asociación de Investigación do Xoguete (<http://www.aiju.es>) realiza unha clasificación.

Ata os tres meses.

Pelotas de diferentes tactos, monecos brandos e agarimosos, móbiles musicais, axóuxeres e aros, debuxos de cores sinxelas, xoguetes de goma branda, espellos irrompibles.

De tres a seis meses.

Xoguetes flotantes, axóuxeres grandes, contas grandes ensamblables, bloques grandes e brandos con debuxos, marionetas, pelotas brandas, monecos brandos.

De seis a doce meses.

Monecos que representen o corpo humano, xoguetes flotantes, bloques de plástico, fotos ou debuxos plastificados, pelotas grandes de goma branda ou plástico.

De doce a dezaioito meses.

Seguen sendo moi estimados os xoguetes para a auga, os bloques, as pelotas de diferentes tamaños, ademais dos monicreques de luva, o cabaliño de carriola, as bicicletas de tres ou catro rodas sen pedais.

De dezaioito a vintecatroy meses.

Xoguetes de transporte, coches pequenos para facelos correr ou grandes para subirse a eles, bambán, escorregadoiro, randeeira, bicicletas e triciclos con ou sen pedais, caldeiros e pas, construcións, animais de madeira, carriños, etc.

De dous a tres anos.

Cociniñas con utensilios, monecas cos seus equipos de roupa, instrumentos musicais, roupa diversa para disfrazarse (hai profesionais que consideran esencial a existencia na escola dunha caixa chea de roupa para podérense disfrazar), bicicletas de tres rodas e pedais, etc.

De tres a seis anos.

Mecanos, plastilina e barro para modelar, monecas lavables e máis detalladas, instrumentos de oficios: xardinería, carpintería, etc.

3.2. QUE RECURSOS SE EMPREGAN EN EDUCACIÓN INFANTIL?

Nos seguintes apartados vaise facer unha presentación de diferentes recursos que se poden empregar na educación infantil facendo especial fincapé nos que teñen un uso máis estendido.

O mobiliario escolar

O mobiliario das escolas infantís ven determinado pola metodoloxía de traballo que se pretenda desenvolver, pola normativa vixente en cada momento e polas características de idade do alumnado ao que vai dirixido o espazo educativo correspondente.

Algúns materiais imprescindibles nunha escola infantil:

Unha alfombra ou tapiz

A alfombra tradicional é cómoda e cálida pero difícil de limpar e presenta problemas de hixiene que poden ter implicacións na saúde de nenos e nenas con alerxias.

Pódense empregar elementos alternativos como os tapices de chan ou os colchóns de superficie lavable e impermeable.

Encerado

O seu uso está orientado aos nenos e nenas de 2 a 3 anos.

Mellor se son móbiles e permiten a súa utilización polas dúas caras.

Espello

Debe ser grande e colocado dende o chan.

Evidentemente debe ser seguro, e que non rompa e non teña arestas.

Permiten outras posibilidades de xogo se se colocan en ángulo, o que da lugar a experiencias ópticas interesantes.

Tamén se deben colocar espellos na zona de cambios dos bebés, ¿porque non no teito?

Se hai un recuncho para os disfraces deberá posuír tamén un espello.

Colgadoiro

Dependendo do tamaño das aulas e dos corredores, os colgadoiros poden estar situados fóra das aulas para que non ocupen sitio dentro.

Algúns modelos de colgadoiros permiten gardar obxectos persoais, podendo constituírse nun espazo de intercambio de información coas familias.

3.3. O PATIO TAMÉN É A ESCOLA.

Cando se analiza o mobiliario do espazo exterior dunha escola, fálase de diferentes elementos:

Elementos fixos

Estarán ben fixados ao chan e serán as estruturas propias do xogo físico e o xogo de relación e socialización fundamentalmente. É neste terreo onde dende as últimas décadas están aparecendo as principais innovacións no deseño.

Con referencia ao mobiliario exterior típico (bambán, etc.) habería que dicir que non é en principio o máis axeitado, tendo en conta que unha observación do seu emprego por parte das crianzas mostrará como xogan con eles de maneiras diferentes (tratando de trepar pola parte lisa do escorregadoiro, pendurándose da estrutura do bambán, etc.). Por este motivo cada vez son máis empregadas as estruturas multifuncionáis que ofrecen unha potencialidade de utilización máis ampla.

Elementos semimóbiles

Serán elementos móbiles pesados, xa construídos, que nin os nenos e nenas nin o profesorado poden desprazar sós, pero que, eventualmente e coa utilización de medios técnicos axeitados, poden ser desprazados se se quere. Desta maneira poderáselle dar ao acondicionamento unha certa flexibilidade. Posuirán sempre boa estabilidade. Poderán ser unha cabana, un abrigo cuberto, etc.

Na actualidade son multitude de casas comerciais as que presentan elementos destas características tanto en madeira como en plástico, cumprindo na maioría dos casos a normativa de seguridade esixida aos xoguets. Podendo sinalar como inconveniente principal o seu elevado custo económico, pero presentando por todo o demais unha oferta tan variada como para poder satisfacer cada necesidade. Aínda que como podemos ver na imaxe do patio da escola infantil As Mariñas da Coruña, a imaxinación permite solucionar algúns problemas.

Elementos móbiles

Serán aqueles que o neno pode manexar e transportar ao seu antollo, e non presentarán grandes diferenzas con respecto do material que se pode empregar dentro da aula.

O chan

É un elemento a ter en conta tanto como superficie amortiguadora de posibles caídas como pola posibilidade de constituír en si mesmo un elemento motivador da actividade.

3.4. COMO ORGANIZAR OS RECURSOS?

Un elemento que ás veces se descoida cando se fala dos materiais é a maneira de organizalos dentro da aula. É necesario considerar que a organización destes materiais pode ser un xeito de organizar o propio traballo na aula de infantil. Como xa se sinalou, por exemplo, a colocación dun andel pode ser unha forma de crear un recuncho de actividade, e a maneira de dispor os materiais de plástica pode animar ás crianzas a traballar con eles.

Por este motivo deberíase reflexionar antes de distribuír e organizar os materiais dentro da escola prestándolle atención ao tipo de andeis que se empregan, ao lugar onde se colocarán os materiais e aos contedores e clasificadores que se empregarán para organizar os recursos.

A continuación analízase como organizar os materiais para favorecer que as crianzas poidan velos e acceder a eles.

As crianzas poden ver os recursos

É necesario considerar que o que é, ou pode ser, claramente visible para unha persoa adulta non ten porqué selo para as crianzas. Sería interesante agacharse e poñerse á altura dos nenos e nenas para comprobar se o material que se considera que está perfectamente visible, o está realmente para eles.

A continuación preséntanse unha serie de orientacións para que os materiais sexan máis visibles para as crianzas.

Facer visibles os materiais

Algunhas recomendacións que se poden seguir para que os materiais sexan máis visibles:

1. Ter as caixas de material destapadas.
2. Lembrar que algúns materiais ofrecen máis información nas portadas que nos bordos ou nos cantos (como os libros ou os discos), e que haberá polo tanto que dispoñelos de xeito que se vexan as portadas.
3. Analizar a altura do andel onde estarán situados os materiais para ver de que xeito os colocamos:
 - Cando os materiais están situados en andeis máis altos do nivel dos ollos dos nenos e nenas procurarase colocar os materiais en clasificadores ou contedores transparentes.
 - Cando os materiais están en andeis á altura da cintura os materiais deberán colocarse en contedores abertos aínda que sexan fondos.
 - Cando os materiais están situados nos estantes inferiores, procurarase utilizar envases planos e situados nos bordos dos estantes para que non os oculten os estantes superiores.

Concentrar os materiais

Clasificar os materiais agrupándoos e separándoos doutros similares axuda a facelos máis visibles. Cando os materiais están mesturados todos xuntos e dispostos nun mesmo estante fanse pouco visibles.

Os materiais fanse máis visibles canto máis espazo baleiro deixemos ao seu arredor.

Diferenciar os materiais semellantes

Para poder distinguir materiais que son moi semellantes deberemos empregar contedores que permitan ver os materiais por todas as partes.

Para distinguir materiais semellantes tamén podemos recorrer a situalos en lugares diferentes xa que isto axudará a diferencialos.

Os contedores

Os contedores deberán ter cores que permitan resaltar os obxectos que conteñen, son recomendables, por exemplo, os recipientes e bandexas de plástico para o fogar e a industria, que teñen cores lisas, claras e fortes. Habitualmente as caixas comerciais nas que veñen os materiais non son axeitadas para organizalos na aula.

Os contedores transparentes permiten ver os elementos do seu interior. Os que son opacos poderían levar pegada unha imaxe dos obxectos que conteñen para que se puideran identificar.

As cestas da parte superior, aínda que permiten ver o seu contido, é posible que pola súa colocación non sexan facilmente visible para as crianzas.

As crianzas poden coller os materiais?

En xeral, as condicións que favorecen un axeitado acceso visual aos obxectos, favorecen ao mesmo tempo o acceso físico aos mesmos. Pero aínda así podemos considerar as seguintes cuestións:

Empregar diferentes tipos de envases en función da situación.

Resulta máis complicado coller elementos situados en estantes altos polo que se procurará non situar neles bandexas pouco fondas das que se pode caer o sobre todo se son xerras ou elementos altos. En estantes baixos, as bandexas chans pódense coller doadamente.

Cando os materiais están colgados, como por exemplo a roupa ou os recursos para realizar algunha actividade, as nena e os nenos teñen que chegar ás perchas ou enganches sen problema para permitir a súa autonomía.

O feito de poder apiar os materiais facilita a súa organización na escola, o que pode ser un criterio a ter en conta para adquirilos, pero é preciso lembrar que ás veces eses materiais apiados supoñen un risco de caída ao collelos, e que ademais non sempre é doado para un neno ou unha nena achegarse a estes materiais, o que pode ir en prexuízo da súa autonomía.

Facilitar o traslado dos materiais.

Xuntando nun só portador diferentes elementos que son necesarios para mesma actividade (pintura, pinceis, auga, trapos, etc.).

Hai que lembrar que os elementos que resultan cómodos para unha persoa adulta, non teñen porque resultar doados de transportar para un neno ou unha nena.

4. ORGANIZACIÓN DO TEMPO NA ESCOLA INFANTIL

4.1. O TEMPO DAS PERSOAS QUE TRABALLAN NA ESCOLA INFANTIL.

A xornada laboral está establecida para os técnicos e técnicas superiores de educación infantil en 38 horas semanais, contabilizando un total de 1661 horas ao ano. Dentro deste total horario inclúense un mínimo de 20 horas destinadas á formación e perfeccionamento profesional, que a empresa deberá garantir aos seus traballadores e traballadoras.

Co tempo suficiente, preferentemente ao comezo de cada curso escolar, ou no momento que existan circunstancias obxectivas que o modifiquen, elaborárase a distribución da xornada laboral, semanal, mensual e anual, no seu caso, de cada persoa que traballe na empresa, así como os períodos vacacionais. En caso de non existir acordo, respectarase o tope de 9 horas diarias.

Terán a consideración de horas extraordinarias as que excedan das 38 horas semanais. A iniciativa para traballar en horas extraordinarias corresponde ao Centro e á libre aceptación da traballadora ou traballador correspondente. As horas extraordinarias quedan limitadas a 48,5 horas anuais.

A retribución das horas extraordinarias non poderá ser en ningún caso inferior ao valor da hora ordinaria e poderá ser compensada por tempos equivalentes de descanso retribuído.

4.2. ¿QUE CRITERIOS SE SEGUEN PARA ORGANIZAR O TEMPO?

Despois de ter sinalado a importancia da organización do tempo para os nenos e nenas resulta evidente que na organización temporal deberase contemplar os momentos cotiás e de rutinas para aproveitar toda a súa potencialidade educativa.

Para o establecemento destas actividades rutinarias debemos ter en conta algúns momentos escolares que merecen especial atención, como por exemplo:

- A chegada das crianzas cada día.
- A elección do que se vai facer ou co que se vai xogar ese día.
- A limpeza e as actividades de hixiene: cambio de cueiros ou ir ao aseo.
- As actividades de gran grupo
- A comida.
- As actividades e xogos ao aire libre.
- A sesta.

- A recollida do material.
- A despedida.

O profesorado debe planificar estas situacións de forma que os nenos e nenas perciban nelas unha relación persoal e individualizada nun ambiente cálido e afectuoso.

A organización temporal debe respectar a percepción global do mundo que ten a infancia, evitando as segmentacións arbitrarias. Tendo en conta as características da forma de percibir e actuar dos nenos e nenas menores de seis anos non é apropiada a organización dos tempos por áreas ou contidos específicos que responda exclusivamente a organizacións da ciencia establecidas para as persoas adultas.

Na organización do tempo que fan as educadoras e educadores débense dispoñer os ritmos, frecuencias e rutinas, coidando o equilibrio entre os tempos de actividade e descanso, os tempos para o xogo espontáneo e os tempos de actividades dirixidas, os tempos para actividades grupais e os tempos para as iniciativas individuais.

As rutinas axúdanlles ás nenas e aos nenos a orientarse no tempo e a ter puntos de referencia claros e permiten que coñezan e comprendan o horario do grupo. Para axudarlles a orientarse no tempo é conveniente que as persoas que se encargan da súa educación:

- Conversen coas crianzas sobre o que van facer ao longo do día ou sobre o que xa fixeron.
- Utilicen símbolos ou xestos para que os nenos e nenas perciban claramente o inicio e final das distintas actividades.
- Manteñan unha estabilidade no horario sen facer cambios significativos na secuencia de actividades.

O mantemento dunhas rutinas ten que combinarse co respecto aos ritmos individuais, aos gustos e afeccións, as diferenzas e aptitudes individuais; en definitiva, dando cabida a un tempo personalizado.

Toda organización temporal da actividade que se vai desenvolver na educación infantil ten que ser o suficientemente flexible para permitir unha adaptación á idade dos nenos e nenas do grupo concreto, ás características do grupo no seu conxunto, ao momento do ano, á personalidade e formación de cada profesional, á duración da xornada, á organización xeral da escola, ás características dos espazos e recursos materiais e persoais, etc.

4.3. ¿COMO ORGANIZAR O CALENDARIO?

O calendario escolar fai referencia á distribución das actividades ao longo dun curso. Cando falamos de calendario escolar temos que distinguir entre o calendario do centro, o calendario do alumnado e o calendario do profesorado.

O calendario do centro:

O calendario das escolas infantís de primeiro ciclo ven determinado pola Administración, e especifica que as escolas infantís realizarán actividades lectivas durante cinco días á semana de luns a venres e durante os doce meses do ano. Deste período de tempo é preciso descontar os días sinalados como festivos pola administración autonómica ou local. Dentro da organización do calendario escolar é preciso ter en conta algúns momentos significativos, como poden ser:

- período de adaptación
- As grandes vacacións, que aínda que a lei estableza que o centro debe permanecer aberto, é evidente que a organización será diferente.
- As festas escolares. Están establecidas oficialmente para cada curso escolar.
- Días especiais: aniversarios, visitas, saídas, etc.
- momento da despedida do curso.

Ademais das datas sinaladas como festividade e períodos non lectivos, a orde que fixa o calendario de cada curso sinala habitualmente as seguintes datas como de celebración nos centros escolares de Galiza.

- 21 de decembro: conmemoración do Estatuto de autonomía de Galiza.
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro: Día da Paz.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller Traballadora.
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 9 ao 13 de marzo: Semana da Prensa.
- 23 de abril: Día do Libro.
- 7 de abril: Día Mundial da Saúde.
- 9 de maio: Día de Europa.
- 17 de maio: Día das Letras Galegas.
- 5 de xuño: Día Mundial do Ambiente.

O calendario do alumnado:

O primeiro ciclo da educación infantil forma parte dunha etapa do ensino non obrigatorio, polo que a asistencia do alumnado é voluntaria en cada momento do ano.

O calendario do profesorado:

Ven regulado polo seu convenio laboral coa empresa. Neste convenio se especificarán os días laborais e os de vacacións ao longo do ano aos que ten dereito a persoa traballadora. Dentro dos días laborais é preciso ter en conta que hai que realizar outras actividades ademais da atención directa ao alumnado, como poden ser:

- Preparación do centro para a acollida dos nenos e nenas.
- Elaboración de documentos docentes.
- Período de matriculación.
- Reunións coas familias.
- Entrevistas.
- Preparación de expedientes do alumnado.